



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL DO 28-12-2018

ASISTENTES:

Presidente:

Don Vicente Silva Meilán

Vocal:

Don Agustín Pérez-Batallón Ordóñez

Secretario:

Don Antonio López Iglesias

Presidente Proclamado:

Don Javier Nogueira Diz

Presidente C. Xestora :

Don Antonio García Reinoso

En Santiago de Compostela, sendo as 9 horas do día 28 de decembro de 2018, reúnense os membros da Xunta Electoral co Presidente Proclamado, Don Javier Nogueira Diz, e co Presidente da Comisión Xestora saínte, Don Antonio García Reinoso, con arranxo á seguinte ORDE DO DÍA:

1º. TOMA DE POSESIÓN DE DON JAVIER NOGUEIRA DIZ.

Conforme ao establecido no Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, e no Regulamento Electoral aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte con data 3-8-18, e dentro do prazo previsto no Calendario Electoral, Don Javier Nogueira Diz toma posesión do cargo de Presidente da Federación Galega de Caza para o período 2018-2022.

2º. TRASPASO DE PODERES.

O Presidente da Comisión Xestora, Don Antonio García Reinoso, en calidade de presidente Saínte, informa ao Presidente entrante, Don Javier Nogueira Diz, dos asuntos federativos máis importantes abordados desde o pasado 12 de novembro, así como daqueles outros que quedan pendentes de resolver, ao tempo que fai entrega das chaves da oficina de Santiago e dos arcos de tesourería.

3º. PUBLICACIÓN DA TOMA DE POSESIÓN.

Conforme ao previsto na normativa electoral, acórdase dar traslado da presente acta á Secretaría Xeral para o Deporte, e publicala na páxina web da FGC e nos taboleiros de anuncios de todas as sedes federativas.

E non sendo outros os asuntos a tratar, levántase a sesión ás 10,00 horas, asinando a presente acta en proba de conformidade todos os asistentes.

A XUNTA ELECTORAL,

O PRESIDENTE ENTRANTE,

O PRESIDENTE SAÍNTE,